



**Imaxe**

Os IX Premios *Paraugas* entregáronse a pasada noite nunha gala celebrada no Teatro Jofre de Ferrol

## **‘R\_voemos’, da axencia *Imaxe*, mellor campaña publicitaria nos IX Premios *Paraugas***

- *A aposta polo futuro de ‘R\_voemos’ obtivo o premio á “mellor campaña” neste certame do Clúster da Comunicación de Galicia que xa é todo un referente do márketing e a publicidade no territorio.*
- *En colaboración coa tamén galega Proximia, a axencia de publicidade Imaxe ideou e desenvolveu esta campaña de R, coa que se reposicionou a marca no principio do ano.*

**Sábado, 23 de novembro de 2024.- Os Premios *Paraugas***, que entrega anualmente o Clúster d Comunicación de Galicia, galardoaron na súa novena edición como **“mellor campaña”** a **‘R\_voemos’**, pensada e realizada pola axencia galega de publicidade **Imaxe** en colaboración con **Proximia**.

Este certame, que recoñece os mellores traballos en impresión, deseño, creatividade, márketing, comunicación e eventos de Galicia, é xa toda unha referencia no sector. Este ano recibíronse 250 candidaturas para esas 6 categorías, nas que se valoran non só o resultado ou impacto de cada campaña, senón tamén as boas prácticas no seu desenvolvemento.

**Seco Cuenca**, Director Creativo Executivo de *Imaxe*, recolleu a pasada noite o premio no acto de entrega que se celebrou, por segundo ano consecutivo, no Teatro Jofre de Ferrol. Cuenca agradeceu este recoñecemento e dixo que **“R\_voemos é unha campaña con moita Intelixencia Artificial, pero tamén ten moito corazón. Porque nos demostra que a IA é máis unha ferramenta ao servizo da creatividade e que o máis importante é e sempre será a idea que hai detrás. E detrás desta campaña hai unha chea de xente: o equipo de R que confiou e fixo achegas en cada etapa do proxecto, todos os departamentos da axencia e, por suposto, tamén a xente de Vostock Films que se meteu nesta lea”**.

## voar, imaxinar, innovar

Para desenvolver a campaña ‘**R\_voemos**’ o equipo creativo de *Imaxe* apostou por ideas-forza cargadas de vitalidade, pulo e promesa de futuro, tres dos puntais do operador galego dende o inicio da súa andaina.

‘**R\_voemos**’ é o lema que refresca a marca **R** dende principios de ano coa mensaxe de que **todo é posible grazas ás telecomunicacións** e á visión dun mañá innovador para os/as seus/súas clientes/as.

*Imaxe* empregou no traballo **ferramentas de Intelixencia Artificial**, creando pezas gráficas e audiovisuais nas que se proxecta o inimaxinable. De feito, o anuncio da campaña é un dos primeiros do mundo realizado con tecnoloxías IA que consegue tal nivel de acabados, texturas e movementos de cámara. Utilizáronse recursos de xeración de imaxes como *Midjourney*, ademais de vídeo tradicional sobre o que a IA constrúe un universo sorprendente. É a combinación de técnicas o que fai desta produción unha aventura totalmente pioneira. [anuncio marca R](#)

**R\_voemos** convida a deixar voar a imaxinación e a proxectar un mañá no que case que todos os avances tecnolóxicos poden prestar moito (aínda que algúns non o fagan). A campaña amosa imaxes tan imposibles —e ao tempo inspiradoras— para os/as clientes/as coma un humano cun filtro de cabalo que pasea con dignidade pola urbe (para dar que falar), un colega de videoxogos que se conecta dende Orión, o receitario da avoa descargado nos miolos dunha cociñeira moi moderna... ou unha nena cun casco de mil ollos para poder ver mil series e unha vella estupenda que plana en patinete sideral esquivando o tráfico.



Alfredo Ramos, director do operador galego, explica, co gallo desta campaña, que “**R naceu en Galicia en 1998, e dende aquela a súa galegidade innata camiñou ligada a valores como a innovación, o investimento en tecnoloxía e a aposta por servizos avanzados en resposta ás necesidades dos nosos/as clientes/as. Estamos moi orgullosos/as do que logramos. Hoxe especialmente grazas a este flamante premio de Imaxe pola campaña de R. Queremos seguir medrando, ser aínda mellores e adaptarnos —como sempre fixemos, con creatividade e innovación— aos novos tempos**”.

Encomendar a creatividade da campaña a *Imaxe* é máis unha mostra do compromiso de **R** con Galicia e a innovación, promesa reforzada polo traballo de *Proximia* e da produtora **Vostok Films** baixo a dirección de realización de Cloré. A frescura da proposta completa responde igualmente a unha produción musical na que o **músico coruñés Nano MZ** enumera a ritmo de reguetón eses avances que nos deparará o futuro e que poderían prestar (ou non).

## R, o recoñecemento dunha marca

Dende 2006 e ata agora, incluíndo este premio *Paraugas* que se lle concedeu onte a *Imaxe*, as campañas e outros traballos publicitarios de **R**, de marca ou produto, recibiron un total de **39 premios**, entre autonómicos, estatais e internacionais; oito deles nos dous últimos anos. Entre a case que decena de festivais e certames que distinguiron o operador galego figuran o *Smile Festival*, *Publifestival*, *Premios de Publicidade en Galego*, *Selección Clap*, *Letra Awards*, *Wina*, *Anuaria*, *Laus* e agora tamén os *Premios Paraugas*.



**comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)